

GUÍA OPERATIVA PARA A COORDINACIÓN DA PREVISIÓN DE CHEGADAS E A RECEPCIÓN DE PERSOAS DESPLAZADAS POLO CONFLITO EN UCRAÍNA

1. PAUTAS PARA A COORDINACIÓN EN MATERIA DE INFORMACIÓNS SOBRE AS PREVISIÓNS DE CHEGADA A ESPAÑA:

1.1. Os organismos públicos deben informar de calquera posible chegada a España de cidadáns ucraínos desprazados do que teñan coñecemento enviando ao Ministerio de Inclusión, Seguridade Social e Migracións a seguinte información a través do correo sgecm@inclusion.gob.es:

- Número de persoas.
- Data e hora de chegada.
- Punto exacto de chegada.
- Sempre que sexa posible facilitarase información sobre se se trata de unidades familiares, menores (e neste caso, se van acompañados ou solos), ou persoas con algunha circunstancia especial que requira dunha atención específica.

1.2. FORMULARIO PARA PARTICULARES: A través dun formulario web no enderezo <https://www.inclusion.gob.es/es/ucrania/index.htm>, como do correo electrónico apoyo.ucrania@inclusion.gob.es, as empresas, entidades do Terceiro Sector, particulares, ou calquera outra entidade poderán informar de calquera previsión de chegada de cidadáns ucraínos desprazados, e proporcionar os datos aos que se refire o apartado anterior.

1.3. TELÉFONO DE INFORMACIÓN GRATUÍTO: Habilitouse un número de teléfono gratuíto de información sobre acollida a cidadáns ucraínos, así como de cita para ser atendido nos centros de recepción: **+34 91 047 4444**.

2. COORDINACIÓN TERRITORIAL DA CHEGADA E RECEPCIÓN DE PERSOAS DESPLAZADAS:

Dende as Delegacións do Goberno convocaranse reunións de coordinación territorial para a chegada e recepción de persoas desprazadas en cada comunidade autónoma. A Fegamp estará presente nesas xuntanzas.

3. ASISTENCIA SANITARIA A PERSOAS REFUXIADAS:

A solicitude de información e consulta en relación ao acceso á asistencia sanitaria das persoas afectadas polo conflito en Ucraína, realizarase no enderezo ucraniaasistenciasanitaria@ingesa.sanidad.gob.es.

Lembramos que as persoas deberán contar cun resgardo acreditativo de presentación de solicitude da condición de solicitante de protección temporal expedido pola Policía Nacional.